

EXPEDIENTE:	2021/00057463K
PROCEDIMENTO:	Procesos de selección de persoal

Rematado o prazo de dez días hábiles concedido a efectos de subsanación de erros no anuncio publicado no BOP nº243 do 23 de decembro de 2021, e de conformidade co apartado 6.2 das bases xerais da convocatoria (BOP do 2 de xuño de 2017) e coas bases específicas da convocatoria (BOP do 28/04/2021) para a provisión en propiedade, **polo sistema selectivo de concurso- oposición, de unha praza de Intendente da Policía Local**, encadradas na escala de administración especial, subescala de servizos especiais, grupo A, subgrupo A1, correspondente á oferta de emprego do ano 2020.

Tendo en conta as competencias sinaladas na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; os decretos de Alcaldía de 17 e 21 de xuño de 2019 polos que se nomean as Concellarías delegadas e o acordo da Xunta de Goberno local de 24 de xuño de 2019 de delegación de competencias, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Elevar a definitiva a relación de admitidos e excluídos ás probas selectivas:

Aspirantes admitidos:

1.- Silva Dieste, José Ramón

Aspirantes excluídos:

Non hai

A inclusión dos aspirantes na lista de admitidos non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte da Administración Municipal de que aqueles reúnan os requisitos esixibles para ser nomeados funcionarios, requisitos que deberán acreditarse segundo o establecido nas normas concretas da respectiva convocatoria.2

SEGUNDO.- Data, hora e lugar da celebración.

O **primeiro exercicio** da oposición, terá lugar o **día 20 de xaneiro ás 16:30 horas**, no salón verde no pazo Raxoi.

Os aspirantes deberán presentarse provistos do documento nacional de identidade (DNI). A data de realización do resto dos exercicios publicárase no Taboleiro de Edictos do Concello, e na páxina Web (www.santiagodecompostela.gal).

